



## **Pilar Rojo manifesta o seu pesar polo falecemento de Isla Couto, o exemplo do cal “perdurará para sempre na memoria colectiva de Galicia”**

- **Envía unha mensaxe de condolencia á familia do falecido**

**Santiago, 25 de abril de 2012.-** A presidenta da Cámara galega, Pilar Rojo Noguera, expresou esta tarde o seu pesar, en nome propio e no do Parlamento de Galicia, polo falecemento de Xaime Isla Couto, presidente de honra e cofundador da Editorial *Galaxia*.

Logo de coñecer o pasamento desta personalidade polifacética da cultura galega, Rojo Noguera enviou unha mensaxe de condolencia á familia do falecido.

“O seu exemplo –afirma Rojo Noguera referíndose á traxectoria do falecido- perdurará para sempre na memoria colectiva de Galicia”.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia